

PASEOS LIBRESCOS

Biblioteca Municipal A. Castelao de Betanzos

ANÁLISE DO CONTEXTO, DEFINICIÓN DAS NECESIDADES QUE SE PRETENDEN ATENDER E OBJECTIVOS QUE SE QUEREN CONSEGUIR.

O proxecto Paseos Librescos nace ca intención de potenciar os fondos da biblioteca municipal, de achegalos á veciñanza e de poñer en valor todo o patrimonio que atesoura a cidade de Betanzos. É unha maneira lúdica e amena de unir literatura e patrimonio, de dar luz sobre recunchos esquecidos das nosas rúas e de rescatar do esquecemento moitas historias que aínda permanecen ocultas nos libros, sobre todo nos que compoñen o noso fondo local. A definición deste tipo de proxecto nace tamén ca intención de ser vistos, ao contar cun paseo polas rúas da cidade con todo o grupo participante, achegando ao resto da veciñanza as actividades que se fan na biblioteca, ca intención de que no futuro nos poidan ver como un punto de ocio ao que achegarse sen ningún tipo de medo.

DESCRICIÓN PORMENORIZADA DO PROXECTO OU ACTUACIÓN LEVADA A CABO NAS SÚAS DISTINTAS FASES, INDICANDO, SE É O CASO, AS PERSOAS OU ENTIDADES QUE PARTICIPARON NO SEU DESEÑO E DESENVOLVEMENTO.

A iniciativa Paseos Librescos nace como un proxecto propio da Biblioteca Municipal A. Castelao de Betanzos, desenvolvida polo persoal do centro. Hai que puntualizar que na cidade brigantina a Biblioteca comparte espazo e persoal co Arquivo Municipal de Betanzos e co Museo das Mariñas, facilitando iso unhas sinerxías que non sempre son habituais neste tipo de proxectos.

Puntualmente colaboraron outras institucións betanceiras como talleres de diferentes artistas radicados na cidade, o Centro Internacional da Estampa Contemporánea ou o persoal voluntario que atende a diario algunhas das igrexas da cidade. Tamén tivemos a ocasión de colaborar con outras entidades que forman parte do Concello de Betanzos, como é o caso do Cine Alfonsetti.

O proxecto consta de dúas fases principais, a de deseño e a de execución.

1. No tocante ao deseño é necesario idear un tema, que varía segundo as efemérides do momento ou a vontade da propia biblioteca por difundir os fondos dunha determinada materia.

1.1. Unha vez decidida a temática, hai que crear unha mostra bibliográfica de interese, atractiva para os usuarios da actividade e tamén para os usuarios diarios da biblioteca. Esta mostra, que servirá de punto de inicio á actividade, quedará logo exposta no centro durante un tempo.

1.2. Feita a selección bibliográfica, consúltanse os fondos do Arquivo Municipal de Betanzos e do Museo das Mariñas para atopar contidos que poidan complementar e ampliar o tema a tratar.

1.3. Cos materiais escollidos, créase un dossier de textos que tamén poden ser entregados aos participantes ao remate da visita.

1.4. Rematado este proceso, búscanse os recursos patrimoniais da vila que poidan ter vinculación co tema a tratar, deseñándose unha ruta na que poder comentar aspectos dos distintos libros escollidos. Sempre que se poida, o ideal é afastarse dos puntos máis turísticos do municipio,

frecuentar rúas menos habituais no tránsito diario e tratar de compartir historias que non sexan demasiado coñecidas para favorecer á curiosidade e á participación da veciñanza.

1.5. Unha vez rematada a mostra e a preparación da ruta, anúnciase a actividade nos medios habituais: a axenda cultural do Concello de Betanzos, o xornal gratuíto da Asociación de Comerciantes de Betanzos (ACEBE) que se reparte en todas as casas do municipio, o grupo de whatsapp do Concello de Betanzos e as redes sociais da propia institución municipal e da biblioteca. Hai que ter en conta que é unha actividade destinada a público adulto, polo que a dificultade da andaina ten que ser baixa e o tempo non pode exceder nunca as dúas horas de duración.

1.6. Entre a xente que se vai anotando, revísase que sexan socios e socias da biblioteca. De non ser o caso, contáctase de novo con eles para que pasen a formar parte do grupo de usuarios da institución.

2. No tocante á execución do proxecto, a dinámica é sempre a mesma:

2.1. Iniciar a actividade nas dependencias da Biblioteca Municipal, repasando con tranquilidade a selección bibliográfica e comentando todo tipo de aspectos curiosos dos libros. Houbo algunha excepción, na que ante a necesidade de vincular os libros a algunhas pezas do Museo das Mariñas, a mostra trasladouse excepcionalmente ás dependencias do museo por ser imposible de facer o traslado no sentido contrario, do museo á biblioteca.

2.2. Tras comentar os libros, permitir que os ollasen con calma e conversar sobre eles, abandonamos a biblioteca para pasear pola cidade, seguindo a ruta ideada para a actividade.

2.3. En cada un dos puntos escollidos comentaremos novas anécdotas extraídas dos documentos. O ideal nestes casos é tratar curiosidades que non se tiveran comentado durante a mostra bibliográfica para tratar de chamar a atención dos participantes.

2.4. É recomendable levar durante a ruta novos libros que non se empregaran na mostra ou fotocopias con fragmentos de textos para poder ler e achegar nova información aos participantes. Toda a actividade ten que ser aberta e fluída, onde os usuarios e usuarias que formen parte do grupo poidan tamén comentar cousas que coñezan e que sexan de interese para a ruta.

A modo de exemplo compartimos a planificación de dúas das rutas elaboradas:



Co gallo do Día das Bibliotecas, realizamos o primeiro Paseo Libresco, titulado Os libros, as letras e as bibliotecas de Betanzos.

- Realizamos unha mostra de libros que tivesen como temática principal cuestións relacionadas con libros, escritores, bibliotecas e librarías. Esta mostra ampliouse con material do Arquivo Municipal ligado á historia da Biblioteca Municipal A. Castelao de Betanzos e a outros centros similares que existiron na cidade nos últimos douscentos anos: dende documentos da Biblioteca Popular Circulante do Instituto de Segunda Ensinanza, a libros rexistro da biblioteca, carnés de socios de diferentes épocas, proxectos de reforma dos antigos centros bibliotecarios da cidade ou fotografías antigas das dependencias bibliotecarias ao longo do tempo, etc. Xunto a estes fondos, compartimos tamén unha mostra do fondo local, con libros de todo tipo, dende o Anuario Brigantino que editamos no centro ata as obras completas de Francisco Vales Villamarín ou o manuscrito da historia da cidade escrito polo crego Verín y Seijas en 1812. Aproveitamos estes materiais para explicar o día a día do traballo nunha biblioteca e fixemos un pequeno xogo de como clasificarían os participantes un fondo deste estilo, presentando logo as táboas da CDU e amosando algún exemplo.
- Logo, durante o paseo, aproveitamos temas tan dispares como os seguintes, que foron entregados tamén nunha pequena carpeta a cada participante para que puidese ler con máis calma na súa casa:
 - Denuncia presentada polo farmacéutico da farmacia Couceiro a comezos do século XVIII, na que acusa a outro veciño de non devolverlle uns libros, e que serve para datar as orixes deste comercio centenario na cidade.
 - Recorte do xornal local *La Aspiración* criticando as primeiras escolas nocturnas creadas polos irmáns García Naveira, filántropos da cidade que acabarían erguendo escolas, asilos e outros edificios asistenciais a pesar de ser sempre criticados por certos grupos sociais da cidade.
 - O documento de traslado da cidade de Betanzos en 1219, onde -por medio dunha tradución- puidemos identificar os lugares que aparecen mencionados e as condicións de dito traslado dende Betanzos O Vello ao castro de Untía.
 - Fragmento da Crónica Troiana onde aparece a mención de Fernán Martíns, capelán de Fernán Pérez de Andrade que se encargou da súa tradución ao galego a petición do seu señor.
 - Mostra dun dos expedientes do Arquivo Municipal de Betanzos atacado pola invasión francesa a comezos do XIX, onde se pode ler na portada «Legaxo número 16 de los papeles sueltos que quedaron del antiguo archivo de esta ciudad, destruido en el año de 1809 por la invasión de las enemigas tropas francesas», que empregaron os fondos do arquivo para estrar aos cabalos e facer fogatas cas que quentarse.
 - Texto *La casa del indiano*, no que Emilia Pardo Bazán describe a vivenda dos irmáns García Naveira e todos os luxos que conformaban as estancias desta casa tan destacada na cidade.

- Expediente xudicial dun roubo de libros no antigo convento de San Francisco por parte dun anarquista nos días anteriores ao golpe de estado de 1936.
- Fragmento do libro *Cadeas*, premio Xerais de novela do ano 2013 e escrito polo veciño betanceiro Xabier López, onde se narra o asasinato de Francisco Cortiñas por negarse a ceder unha máquina de escribir para ser usada no campo de concentración da cidade.
- Primeiras páxinas da *Historia de la ciudad de Betanzos*, escrita por Manuel Martínez Santiso a finais do século XIX, onde fai un repaso cronolóxico da historia da cidade dende un punto de vista pouco científico.
- Primeiras páxinas do libro *Memorias de un viaje improvisado*, no que o seu autor, Rogelio Borondo, narra a viaxe que fixo por Francia, Suiza e Italia cos irmáns García Naveira en 1899.
- Artigo *Reto a los quemadores de libros*, publicado na revista do Centro Betanzos de Bos Aires, onde se narra a destrución da biblioteca de Ramón Peón nos tempos da Guerra Civil, un persoeiro vinculado ao progresismo local.
- Fragmento do libro *Testemuño da Guerra Civil*, de Isabel Ríos, unha muller que conta os seus días na cárcere de mulleres de Betanzos.
- Fragmento de *Virtudes (e misterios)*, novela do veciño Xesús Fraga que mereceu o Premio Nacional de Narrativa e que está ambientada na cidade, narrando a vida de Virtudes e a súa familia.
- Xunto a estes textos, fixéronse outras paradas para falar de bibliotecas privadas, dos fondos bibliográficos doutras institucións (igrexas, escola do Centro Internacional da Estampa Contemporánea, biblioteca do Liceo Recreativo, etc.) ou de escritores que teñen algunha mención no rueiro municipal.



Co gallo da celebración de San Valentín, a cuarta edición dos paseos adicouse ás historias de amor e desamor da cidade, onde igual que no resto de paseos, comezamos cunha mostra bibliográfica na que destacaban:

- Libros de todos os estilos e para todos os públicos que están á disposición da veciñanza na Biblioteca Municipal A. Castelao de Betanzos: ensaios, cómics, libros informativos para público xuvenil, relatos, novelas ou biografías entre os que destacan títulos como *Hierba*, *Alguén nos lembrará*, *Heartstopper*, *A defunción dos sexos*, *Elisa e Marcela*, *As múltiples cores da vida*, *El porno no mola...* A intención era apoiar o discurso en fondos diversos no que se recollesen todas as opcións sexuais, aportando unha visión aberta e libre das diferentes realidades. Fíxose especial fincapé nos fondos dedicados a un público xuvenil para que os participantes, moitos deles pais e nais de adolescentes, coñecesen estes recursos.
- Complementouse a mostra con documentación antiga do arquivo, con expedientes de cuestións ligados a esta temática: malos tratos, estupro, declaración de espontaneadas, dotes de casamento, etc. Esta mostra realizouse nas instalacións do museo (e a documentación bibliográfica amosouse logo na propia biblioteca) por querer poñer en valor os sepulcros dun matrimonio, o de Clara Sánchez e Afonso de Carvallido, dous dos líderes das revoltas irmandiñas na cidade.
- Dentro da ruta abordáronse contidos similares extraídos tanto da biblioteca como do arquivo, tendo especial peso a información atopada nos fondos da hemeroteca local:
 - Explicamos os traxectos dos diferentes paseos que se facían antigamente na praza central da cidade, onde estaban delimitados os camiños para as viúvas, para os solteiros, para os matrimonios, para os nenos, etc. Tal e como aparece estudado no libro *Betanzos frente a su historia: sociedad y patrimonio*.
 - Compartimos noticias como a de Arturito, un home que lle foi a recriminar ao lavadouro á súa muller que tivese bailado con outro home no baile da Camelia. Ao poñerse violento acabou recibindo unha malleira por parte de todas as lavadeiras que defenderon á súa compañeira; ou as dunha muller que atacou a un antigo mozo cunha mestura de lixivia, cal, goma e pemento picante mentres este descansaba nos sofás do Liceo Recreativo
 - Recuperamos espazos desaparecidos a través de proxectos do arquivo e textos do Cronista local, como o do chamado Tarán do Potro, un pequeno quiosco situado na praza central da vila onde existía un reservado no que se advertía nalgún texto: «Tened cuidado chavales / con esa que han puesto en retirado / si algún día vais a visitar / a esas fieras que han puesto en ese bar... / Te entrará mucho calor / y allí verás una cosa singular...». Tamén lugares como as festas de *La Engañada* realizadas nunha casa particular, sen ningún permiso e que sempre acababan con enfrontamentos de todo tipo. Igual que o acontecido con «tres moinantas forasteras» que acabaron dominando en Betanzos o negocio das «casas non santas» onde se exercía a prostitución e eran denunciadas continuamente nos medios de comunicación locais.
 - Recuperamos historias particulares como a de Inés María Ares de Andrade, coñecida nos documentos do século XVIII como *Reyna*, acusada por exercer a prostitución aínda que oficialmente se declarase panadeira; ou o de *El Chistera*, un home que os veciños non quería que mendigase polas rúas nin bebese das fontes porque aparentaba ter unha enfermidade que a simple vista non sabían se era lepra ou sífilis.

- Repasamos expedientes xudiciais ligados a estas cuestións, con acusacións de violacións ao *monstruo del sensualismo*
- Trouxemos ao presente os antigos concursos de beleza, como os organizados por varios xornais locais baixo o título de *Cupón de beleza*, onde os ditos cupóns eran cubertos polo homes que lle dedicaban rimas e puntos ás mulleres que desexaban:

Agustina Díaz

12 cupones

Bella como los albores del matinal arrebol
surgiste entre las flores al primer rayo de sol
por eso con gran viveza te proclama el Bombardino
sultana de la belleza en el pueblo brigantino

Firmado: Tristezas

- Recuperamos parte da historia LGBTIQ+ da cidade cas testemuñas do libro *A defunción dos sexos*, con dous casos ligados a veciños de Betanzos que foron acusados de ter practicado «la homosexualidad».

Existen outros exemplos de paseos nos que realizamos a acción ligando a actividade a outros centros culturais. Deste modo, no paseo dedicado ás artes e aos artistas de Betanzos, puidemos entrar en varios talleres de artistas que actualmente traballan na cidade; no caso da visita das letras e as bibliotecas, puidemos entrar a coñecer a biblioteca do CIEC; na do cine puidemos entrar ao Cine Alfonsetti e coñecer a súa maquinaria antiga; ou na da II República en Betanzos puidemos entrar na Casa Consistorial e sentarnos no salón de plenos para coñecer como foi a chegada deste movemento político á cidade. Tamén houbo convidados especiais, investigadores que achegaron diferentes historias dentro das rutas, aportando novas visións do patrimonio.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS PARA A MEDICIÓN DE RESULTADOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN DA SÚA EFECTIVIDADE.

Neste caso o principal indicador da calidade da actividade era a propia participación da veciñanza, para a que se ofertaban un número de prazas que practicamente sempre foron cubertos por veciños e veciñas de Betanzos interesados nesta forma tan peculiar de achegarse ao patrimonio.

A nivel bibliotecario a outra gran riqueza da actividade foi ampliar o préstamo das obras que presentabamos nos paseos e que logo quedaban nunha exposición temporal na biblioteca, aumentando a consulta destes fondos que non sempre son os máis usados pola veciñanza.

Outro apartado que nos serviu para coñecer a valoración dos usuarios foi a propia recomendación de novas temáticas, realizándose algúns paseos a petición dos participantes. Foi así que se realizou un sobre Francisco Javier Martínez Santiso, sobre os artistas da cidade ou sobre a vinculación de Betanzos co cine.

RESULTADOS OBTIDOS. CUANTIFICACIÓN DOS INDICADORES E VALORACIÓN GLOBAL.

Tal e como acabamos de comentar, a medición da eficacia desta iniciativa realizábase a través dos seguintes medios:

- A participación da veciñanza, que sempre esgotou as prazas ofertadas a pesar de ser unha actividade realizada pola semana e en horario de mañá, o que limita bastante a audiencia do paseo.
- O aumento dos préstamos nos libros comentados. Por exemplo, un dos mencionados foi *A defunción dos sexos*, que ata a celebración do paseo de San Valentín só se tiña prestado dúas veces e dende ese día xa son 5 os préstamos que se conseguiron.
- Neste caso o conseguir novos usuarios para a Biblioteca tamén foi un motivo de satisfacción, aínda que boa parte dos participantes xa estaban rexistrados como socios e socias do noso centro. Como media aproximada, en cada ruta sumaríamos só un ou dous novos socios á biblioteca.

A valoración xeral que facemos é moi positiva especialmente por dúas cuestións: a primeira é que estamos dando a coñecer fondos dispares da nosa biblioteca que non sempre son os que reciben máis atención, e estamos achegando as súas edicións á veciñanza para que poida logo ampliar a información sobre os temas. Logo, ca parte do paseo, aumentamos tamén a conciencia patrimonial sobre recunchos e historias ao mellor non tan coñecidos, cumprindo con esa máxima que di que a valoración e o coidado do noso patrimonio está ligado ao seu coñecemento. O feito de que moitos veciños compartisen as súas propias historias durante as rutas ou que propuxeran novas temáticas, foi un punto positivo para seguir ofertando esta actividade.

E aínda que non tan importante, para nós si que é necesario reseñar que este tipo de actividades non teñen practicamente custo económico, o que nos permite certa liberdade na súa planificación. Agás a edición deses dossiers cos textos ou a realización dalgunha impresión de imaxes, todo o demais está feito cos fondos propios da biblioteca, o que favorece que sexa un modelo de actividade exportable a outras institucións.

PREVISIÓNS DE PROLONGACIÓN E MELLORA DO PROXECTO, SE É O CASO.

O proxecto dos Paseos Librescos naceu o Día das Bibliotecas do 2024 e a intención é que non teña fin. Para este verán temos novos contidos preparados e a intención é seguir ofertando novas actividades durante o que resta do 2025 e tamén do 2026, sempre e cando as condicións sexan óptimas para a súa planificación.

Neste eido, a escaseza de persoal da biblioteca impide moitas veces que poidamos ofertar todo o que nos gustaría, tendo que escoller con moito tino as accións que queremos desenvolver para lograr unha eficiencia dos recursos tanto persoais como económicos.

MÉRITOS ALEGADOS EN TODOS OU ALGÚNS DOS ASPECTOS RECOLLIDOS NO ARTIGO 16 DESTA ORDE (CRITERIOS DE VALORACIÓN).



Paseos Librescos nos talleres artísticos de RíoRío e Carmen Seijas



Mostra de documentos para os Paseos Librescos do Día dos Arquivos e de San Valentín



Participación dos investigadores locais Diego Fernández e José Paz en diferentes Paseos Librescos



Proxección no Cine Alfonsetti e mostra de materiais bibliográficos e arquivísticos no escenario do cine



Mostra de documentos en diferentes paradas dos Paseos Librescos



Mostra de documentos no Salón de Plenos do Concello de Betanzos

La biblioteca de Betanzos programa un nuevo 'paseo libresco' con motivo de San Valentín

Los itinerarios permiten descubrir los tesoros que esconde el Archivo



PUBLICIDAD

2/7/25, 12:42 Betanzos, a través de sus letras, sus escritores o sus bibliotecas: así serán los 'Paseos Librescos'

PORTADA ACORUÑA ÁREA COMPOSTELA GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA DEPORTES CULTURA SOCIEDAD AGENDA

GALERÍAS

El Ideal Gallego

17/7/24 Martes 2 Julio 2024

Betanzos, a través de sus letras, sus escritores o sus bibliotecas: así serán los 'Paseos Librescos'

Con motivo del Día Mundial de las Bibliotecas 2024, la municipal de Betanzos organiza el primero de sus 'Paseos Librescos'. Una novedosa iniciativa para descubrir la ciudad a través de sus letras

Betanzos

La ruta recorrerá las calles de la ciudad para conocer anécdotas vinculadas a los libros y las letras. | ALC

Lo más visto

A Coruña logra la subvención de 150.000 euros que el BNG denunció que había sido denegada

Zara inaugura en el Monte de San Pedro una gran instalación cinética de la artista Ea Devlin por su 50 aniversario

Día, hora y lugar de todos los conciertos del Atlantic Pride en A Coruña

La ciudad-Inditex crece: los tres nuevos edificios ya toman forma

LUCÍA TEIXEIRO • 17 DE OCTUBRE DE 2024, 07:05

Libros, escritores, colecciones o imprentas que, de alguna manera, están vinculados a Betanzos. La ciudad conmemorará el Día de las Bibliotecas 2024 con los 'Paseos Librescos' (I), una novedosa iniciativa que nace con la intención de consolidarse, crecer en número y temáticas, y seguir explorando en los archivos "para coñecer as historias que nos ligan ao mundo das letras, dos libros e das bibliotecas", indican desde el Complejo Cultural Santo Domingo-Vicente de la Fuente.

La ruta comenzará en la Biblioteca Municipal de Betanzos, a la que, en virtud de un acuerdo de la corporación de 25 de marzo de 1980, estando todavía emplazada en el 'colexio de orfas', en el Cantón de San Roque, se le dio el nombre de Castelao.

En este espacio, ahora en el antiguo convento, con el museo y el archivo, los asistentes descubrirán alguno de sus secretos, el nacimiento y la evolución de la institución hasta el actual siglo XXI. Después, continuará a unos dos kilómetros, por casi todo el casco urbano, desvelando algunas incógnitas y revelando misterios escondidos, de esos que abundan en As Mariñas.

https://www.elidealgallego.com/articulo/betanzos/betanzos-traves-letras-escritores-bibliotecas-asi-seran-paseos-librescos-5034884

1/4

2/7/25, 12:43 Betanzos explorará a súa historia literaria co primeiro paseo libresco no Día das Bibliotecas en ACoruñaXA

OUTROS PERIÓDICOS Agenda

Buscar en ACoruñaXA

ACORUÑA XA

GAL CAST

Mércores, 2 xul 2025

A CORUÑA ABEGONDO ARANGA ARTEIXO BERGONDO BETANZOS CAMBRE CARRAL COIROIS CULLEREDO CURTIS IRIXOA MIÑO OLEIROS ORDES OZA-CESURAS PADERNE SADA VILARMAIOR VILASANTAR

INICIO > ACoruñaXA > BETANZOS > BETANZOS EXPLORARÁ A SÚA HISTORIA LITERARIA CO PRIMEIRO PASEO LIBRESCO NO DÍA DAS BIBLIOTECAS

Cultura

Betanzos explorará a súa historia literaria co primeiro paseo libresco no Día das Bibliotecas

Betanzos ACoruñaXA

Un percorrido cultural o 24 de outubro permitirá descubrir a historia literaria e bibliográfica do municipio

Configurar cookies

https://acorunaxa.com/news/betanzos-explorara-a-sua-historia-literaria-co-primeiro-paseo-libresco-no-dia-das-bibliotecas/83072/

1/3

ACORUÑA XA

GAL CAST

Mércores, 2 xul 2025

A CORUÑA ABEGONDO ARANGA ARTEIXO BERGONDO BETANZOS CAMBRE CARRAL COIROIS CULLEREDO CURTIS IRIXOA MIÑO OLEIROS ORDES OZA-CESURAS PADERNE SADA VILARMAIOR VILASANTAR

INICIO > ACoruñaXA > BETANZOS > BETANZOS CELEBRA O DÍA INTERNACIONAL DO CINE CO ROTEIRO 'BETANZOS NA GRAN PANTALLA'


Cultura

Betanzos celebra o Día Internacional do Cine co roteiro 'Betanzos na gran pantalla'

Betanzos ACoruñaXA

Dentro do programa 'Paseos Librescos' terá lugar na Biblioteca municipal

Pequeno dossier de prensa con mencións aos Paseos Librescos



Hashtag #PaseosLibrescos